



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

**Setembro 2023**


Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2023

**Instituto Galego de Estatística**  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web: <http://www.ige.eu>

## Índice de producción industrial (IPI). Setembro 2023

- O Índice de producción industrial (IPI) de Galicia, rexistrou en setembro de 2023 unha caída do 4,5% con respecto a setembro de 2022; en España o descenso foi do 4,1%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo diminuíron un 17,4%, os bens de equipo aumentaron un 0,5% e os bens intermedios un 5,6%. Pola súa parte, a enerxía decreceu un 2,8%.
- Por ramas de actividade as achegas positivas mais destacables corresponden a "outras industrias extractivas", que achegan 1,9 puntos e a "industria do papel", que achega 0,9 puntos a taxa interanual.
- No que respecta ás repercusións negativas, as principais foron: "confección de roupa de vestir", que resta 5,3 puntos e "fabricación de produtos metálicos" que resta 1,0 puntos a taxa interanual.

### Índice de producción industrial (IPI). Setembro 2023



## 1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) de Galicia rexistrou en setembro de 2023 unha caída do 4,5% con respecto a setembro de 2022; en España o descenso foi do 4,1%.

Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo diminuíron un 17,4%, os bens de equipo medraron un 0,5% e os bens intermedios un 5,6%. Pola súa parte, a enerxía decreceu un 2,8%.

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un descenso do 17,4%, e restan 5,6 puntos a taxa interanual.
- Os **bens de equipo** aumentan o 0,5% e achegan 0,1 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** rexistran unha taxa do 5,6%, cunha repercusión de 1,5 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que diminúe un 2,8%, restando 0,4 puntos á taxa de variación interanual do total.

Comparando cos crecementos interanuais de agosto de 2023, por destino económico, os bens de consumo empeoran 7,0 puntos, os bens de equipo melloran 3,2 puntos e os bens intermedios 7,9 puntos; a enerxía mellora 3,5 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

## 2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

Atendendo ás distintas ramas industriais o descenso interanual en setembro do 4,5% débese principalmente ás achegas negativas (-9,1 puntos) de catorce ramas. As principais foron: "confección de roupa de vestir", que resta 5,3 puntos e "fabricación de produtos metálicos" que resta 1,0 puntos a taxa interanual.


No que respecta ás repercusións positivas (4,6 puntos) de doce ramas, as principais foron: "outras industrias extractivas", que achega 1,9 puntos e "industria do papel", que suma 0,9 puntos a taxa interanual.

### 3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de setembro moveuse entre o 2,6% de Canarias e o -13,5% de Illes Balears. Ademais da devandita, presentan variacións interanuais superiores á media estatal: Castilla y León (0,2%), Aragón (-0,7%), Extremadura (-0,9%), Asturias (-1,0%), Madrid (-2,0%) e País Vasco (-3,3%).

#### IPI Setembro 2023


Taxas de variación en %



No que vai de ano, os maiores incrementos rexístranse en Canarias (5,5%), Madrid (3,5%) e Castilla y León (3,0%). As comunidades con maiores descensos son Murcia (-10,0%), Asturias (-5,5%) e La Rioja (-5,4%).

### 4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra.



### Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

## Anexo cadros

**Cadro 1.- Índice de produción industrial. Setembro 2023**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		REPERCUSIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>					
Xeral	102,2	-4,5	1,6	--	--
Bens de consumo	125,2	-17,4	-5,0	-5,6	-1,5
Bens de equipo	110,0	0,5	11,5	0,1	2,8
Bens intermedios	118,1	5,6	-2,9	1,5	-0,8
Enerxía	59,4	-2,8	6,9	-0,4	1,2
<b>España</b>					
Xeral	106,3	-4,1	-1,0	--	--
Bens de consumo	107,0	-6,6	-0,3	-1,8	-0,1
Bens de equipo	119,0	1,2	5,1	0,3	1,1
Bens intermedios	107,3	-1,7	-3,1	-0,5	-1,0
Enerxía	91,1	-10,4	-5,3	-2,1	-1,1

Fonte: IIE

**Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Setembro 2023**

Ramas	VARIACIÓN (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
<b>Total</b>	<b>-4,5</b>		<b>1,6</b>		
Outras industrias extractivas	92,3	1,9	59,5	1,0	1,1
Industria do papel	98,5	0,9	0,8	0,0	2,2
Fabricación de mobles	30,6	0,6	-3,7	-0,1	1,1
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	2,6	0,4	24,5	2,9	13,1
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	7,7	0,2	-0,5	0,0	2,0
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	5,9	0,2	-2,1	-0,1	2,6
Fabricación doutro material de transporte	19,7	0,2	16,4	0,2	2,0
Fabricación de material e equipamento eléctrico	10,5	0,1	14,4	0,2	1,4
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	1,7	0,0	8,0	0,2	2,5
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	0,0	0,0	11,4	1,4	22,3
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-2,7	-0,1	4,5	0,1	4,1
Outras industrias manufactureiras	-13,3	-0,1	-16,4	-0,1	0,5
Industria téxtil	-24,5	-0,1	-2,9	0,0	0,6
Industria da alimentación	-0,9	-0,1	-3,9	-0,6	13,2
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixas	-6,7	-0,2	-25,0	-1,0	5,1
Industria química	-25,4	-0,5	-8,9	-0,2	1,5
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaria	-8,9	-0,5	-16,7	-1,0	3,6
Fabricación de bebidas	-13,3	-0,6	2,4	0,1	3,5
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-12,4	-1,0	-6,9	-0,6	7,7
Confección de roupa de vestir	-46,4	-5,3	-7,4	-0,6	4,1
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*

Fonte: IIE

(\*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

**Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Setembro 2023**

CCAA	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>España</b>	<b>106,3</b>	<b>-4,1</b>	<b>-1,0</b>
Galicia	102,2	-4,5	1,6
Andalucía	100,5	-5,4	-3,7
Aragón	110,9	-0,7	0,7
Asturias	98,7	-1,0	-5,5
Baleares (Illes)	90,6	-13,5	-3,1
Canarias	99,6	2,6	5,5
Cantabria	101,6	-9,5	-5,0
Castilla - La Mancha	105,9	-5,6	1,2
Castilla y León	93,2	0,2	3,0
Cataluña	103,0	-4,6	-0,7
Comunitat Valenciana	109,6	-6,1	-3,0
Extremadura	119,0	-0,9	-0,2
Madrid	118,8	-2,0	3,5
Murcia	112,4	-8,9	-10,0
Navarra	119,5	-4,2	-3,3
País Vasco	109,1	-3,3	-2,7
Rioja (La)	81,6	-11,3	-5,4

Fonte: IIE